



CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO DE CARA Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AXUDANTE DOUTOR/A NO CURSO ACADÉMICO 2021/2022 CO FIN DE CONSOLIDAR O EMPREGO TEMPORAL

Aprobado no Consello de Goberno do 28/05/2021

O procedemento para a elaboración do POD 2021/2022, aprobado en Consello de Goberno do 28/05/2021, establece no seu punto 1.1.4 que se intensifica o programa para reducir o número de Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS), que non fosen previamente Axudantes Doutores/as, e Asociados/as que contén cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en Profesores/as Axudantes Doutores/as.

Co fin de levar a cabo este programa, establécense as seguintes normas:

1. Só se atenderán as solicitudes dos departamentos que cumpran as bases da convocatoria e que, unha vez aprobado o POD para o curso académico 2021/2022, se cumpra que as necesidades docentes superan a capacidade das áreas para as que se presenten candidatos/as.

Non contabilizarán neste cómputo:

- As prazas creadas no marco de programas específicos de captación (programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, InTalent, etc.).
- O profesorado subrogado desde o 01/08/2020 como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico ás súas necesidades docentes e capacidade.

Para estes efectos enténdese por:

- Necesidades docentes: Horas do encargo docente á área de coñecemento no POD do curso académico 2021/2022 de acordo co Art. 2 da Normativa pola que se regula a dedicación do Persoal Docente e Investigador (aprobada polo Consello de Goberno do 28/05/2021), excluindo o encargo docente do Grao en Turismo que computará nas solicitudes presentadas para o seu profesorado.
 - Capacidade: Suma dos seguintes compoñentes:
 - A.- Dedicación Académica do profesorado permanente da área de coñecemento, incluído o PDI con reserva de posto de traballo, de acordo co Art. 1 da mesma norma.
 - B.- Dedicación Académica do profesorado con compromiso de estabilización: a estes efectos a dedicación inicial deste profesorado será de 240 horas.
2. Deberán presentar candidatos/as coa acreditación a Axudante Doutor/a ou superior.
 3. Convocarase só unha praza de Axudante Doutor/a por área de coñecemento agás nos casos seguintes:
 - cando as necesidades docentes superen aínda a capacidade, engadindo as 240 horas dun eventual novo compromiso de estabilización, poderá convocarse unha segunda praza na área de coñecemento
 - cando a solicitude inclúa profesorado subrogado desde o 01/08/2020 como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a

Código Seguro De Verificación	FRN+/a359V4YPMZ11b7+w==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	03/06/2021 13:12:11
Observacións			Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FRN+/a359V4YPMZ11b7+w==			





este programa co cómputo específico ás súas necesidades docentes e capacidade, co máximo establecido no parágrafo anterior

4. Poderán aprobarse 25 prazas de Axudante Doutor/a, que se convocarán no último trimestre de 2021.
5. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, terán preferencia as áreas con maior diferenza entre necesidades docentes e capacidade segundo o determinado no punto 1.
6. Estas transformacións supoñen o compromiso das áreas de asumir 270 horas de encargo docente no curso académico 2021/2022 e en ningún caso poderán xustificarse para a contratación de novo profesorado.

Disposición adicional

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto realizará a correspondente convocatoria dirixida aos departamentos e poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados, así como dos servizos da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta aos Representantes dos/as traballadores/as e ao Consello de Goberno.

Código Seguro De Verificación	FRN+/a359V4YPMdZ11b7+w==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	03/06/2021 13:12:11
Observacións			Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FRN+/a359V4YPMdZ11b7+w==			

